

ESTATUTOS DE CINE CLUB CARBALLIÑO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CINE CLUB CARBALLIÑO figura inscrito no Censo de Asociacións e Entidades Culturais de Galicia, co N.I.F. G-32008906.

CINE CLUB CARBALLIÑO é un dos membros e forma parte da FEDERACIÓN GALEGA DE CINE CLUBS.

CINE CLUB CARBALLIÑO estíbese rexendo ata o de agora polos Estatutos aprobados polo Goberno Civil de Ourense no ano 1972, e polo tanto inscrita como asociación na Sección Primeira do Rexistro Provincial de Asociacións.

Perante o disposto na Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo de 2002, reguladora do Dereito de Asociación, CINE CLUB CARBALLIÑO, en cumprimento do articulado da devandita norma legal, procede a adapta-los seus Estatutos coa fin de que teñan concordancia coa referida Lei e para que os membros desta asociación cultural teñan un abeiro de convivencia e relación nos amentados Estatutos e Lei.

A tal finalidade e previa votación na Xunta Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, procédese a adapta-los Estatutos de 1972 e apróbanse os presentes, segundo o articulado que figura a continuación:

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- Esta asociación desenvolverá as súas actividades coa denominación de CINE CLUB CARBALLIÑO dentro do marco legal da Constitución Española, da Lei Orgánica 1/2002 e demais normas legais concordantes, considerándose nula calquera norma, articulo contido nos estatutos ou regulamento interno, que sexa contrario ó ordenamento xurídico ou ós principios democráticos da lexislación española.

Artigo 2º.- O domicilio Social de CINE CLUB CARBALLIÑO estará no entresollado do número 10 da Rúa Tomas María Mosquera do Carballiño.

Artigo 3º.- CINE CLUB CARBALLIÑO, en funcións dos seus fins e da situación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Galega.

Artigo 4º.- Esta asociación está constituída por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

Artigo 5º.- É fin principal de CINE CLUB CARBALLIÑO a tendencia a promover obxectivos de interese xeral de carácter cívico, científico e cultural; o fomento e divulgación da nosa cultura, do cine en especial, empregando para tal fin os medios legais que estean ó seu alcance e principalmente:

a) O mantemento dun cine club estable, aberto a tódalas correntes culturais enriquecedoras.

b) Á organización de toda clase de actos culturais.

c) A fomenta-la creación e funcionamento das agrupacións cinéfilas que se consideren necesarias e actividades parellas a prol da cultura galega.

d) Á creación dunha biblioteca, fonoteca e cinemateca en calquera dos soportes audio-visuais que permita a técnica.

e) Á organización de festivais e calquera manifestación cultural que axude ou ampare os fins anteriormente relacionados.

f) O fomento dos fins que con carácter xeral se expoñen no apartado terceiro no artigo 31 da Lei Orgánica 1/2002.

Artigo 6º.- CINE CLUB CARBALLIÑO naceu cun carácter non lucrativo e continuará a desenvolverse co mesmo carácter.

Artigo 7º.- CINE CLUB CARBALLIÑO poderá constituír ou formar parte de federacións, confederacións ou unións que teñan os mesmos ou parellos fins culturais, previo cumprimento dos requisitos esixidos, con acordo expreso dos seus órganos competentes.

CAPÍTULO II

DOS SOCIOS

Artigo 8º.- Poderán ser socios de CINE CLUB CARBALLIÑO tódalas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e que non estean suxeitas a ningunha condición legal que lles impida exercitar tal dereito; debendo amais cumpri-los seguintes requisitos:

- a) Ser admitido como socio pola Xunta Directiva, previa deliberación, acadando o solicitante a maioría simple, nunha votación secreta. No caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente da Directiva.
- b) No caso de serlle denegada a admisión, o solicitante non poderá presentar unha nova petición ata pasado un ano. Porén non se lle denegará a ningunha persoa o acceso a CINE CLUB CARBALLIÑO sen haber unha causa xustificada e debidamente razoada, de acordo con estes estatutos e coa lexislación vixente.
- c) Os menores de idade non emancipados, deberán acredita-lo consentimento dos seus pais, titores ou dos que representen a súa custodia legal.

Artigo 9º.- CINE CLUB CARBALLIÑO terá un número ilimitado de socios coas seguintes categorías:

- a) **FUNDADORES:** Aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) **DE NÚMERO:** Aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.

Aquelas persoas que pola súa contribución ó desenvolvemento dos fins de CINE CLUB CARBALLIÑO, ou que, polos servizos prestados á sociedade en xeral, se fagan merecentes deste nomeamento, terán unha especial consideración dentro da Asociación como colaboradores que, sen ser socios de pleno dereito se lles nomeará como se fosen, non estando suxeitos a ningunha obriga determinada. Terán as seguintes categorías:

- c) **SOCIOS-COLABORADORES DE HONOR:** Aquelas persoas que, propostas pola Xunta Directiva, a xuízo da Asemblea Xeral, destacaran nas artes, ciencias ou letras, ou teñan uns méritos

extraordinarios para ser acreedoras de tal distinción, sendo compatible tal categoría coa de **FUNDADOR** ou **DE NÚMERO**.

d) **SOCIOS-COLABORADORES DE MÉRITO:** Aquelas persoas que, propostas pola Xunta Directiva, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da Asociación, sendo compatible tal categoría coa de **FUNDADOR** ou **DE NÚMERO**.

e) **SOCIOS-COLABORADORES MENORES:** Aquelas persoas menores de idade que participen na asociación, co beneplácito da Xunta Directiva, pasando a ser socios **DE NÚMERO** en cando alcancen a maioría de idade se ese fose o seu desexo.

Considerarase que os socios DE HONOR, DE MÉRITO e MENORES teñen carácter honorífico, estando exentos de calquera tipo de contribución económica á asociación. As súas obrigas serán as que a súa vontade, boa fe e servicio a CINE CLUB CARBALLIÑO e respecto ó seu Estatuto lles dea a entender.

Artigo 10º.- Tódolos socios terán os seguintes **DEREITOS:**

a.- 1.- Voz nas Asembleas.

a.- 2.- Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.

a.- 3.- Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.

a.- 4.- Recibir información sobre o estado de contas, ingresos e gastos anuais da Asociación, así como o desenvolvemento das súas actividades e inventario de bens.

a.- 5.- Ter coñecemento dos Estatutos e Regulamento de Réxime Interno, así como do Libro de Actas.

a.- 6.- Facer propostas, para mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación, ós membros da Xunta Directiva, que estes poderán trasladar á Asemblea Xeral, se fose o caso.

a.- 7).- Gozar de tódalas avantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.

a.- 8).- Os socios poderán acceder a toda a documentación que se relaciona nos apartados anteriores a través dos órganos de representación ou no transcurso da celebración das Asembleas Xerais e nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, de protección de datos.

Amais dos anteriores, os socios **FUNDADORES** e **DE NUMERO** terán tamén os seguintes **DEREITOS**:

b.- 1.- Voto nas Asembleas Xerais.

b.- 2.- Elixir e ser elixidos para cargos directivos.

b.- 3.- Convocar á Xunta Xeral Extraordinaria, previa petición á Xunta Directiva, expoñendo con claridade e por escrito as razóns da petición e os puntos a tratar na Asemblea, sendo esta solicitude de obrigado cumprimento cando a solicite o 25% destes socios.

Artigo 11º.- Os socios **FUNDADORES**, e **DE NUMERO** teñen as seguintes **OBRIGAS**:

1.- Cumprir e facer cumprir o que determinan os Estatutos, Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.

2. - Desempeñar ben e con fidelidade os cargos para os que foron elixidos ou designados.

3.- Asistir ás Asembleas Xerais.

4.- Observar unha boa conducta individual e colectiva.

5.- Paga-las cotas, derramas e outras entregas que, de acordo cos estatutos ou co Regulamento de Réxime Interno, puidéranlle corresponder. O incumprimento destas obrigas serán causa de sanción.**CAPITULO III**

DAS SUSPENSIONÍS, BAIXAS E EXPEDIENTES DE SANCIÓN

Artigo 12º.- Será causa de baixa ou suspensión temporal dos dereitos para os socios de CINE CLUB CARBALLIÑO, as seguintes:

1.- Baixa temporal, por vontade propia e causa xustificada.

2.- Baixa definitiva, por vontade propia.

3.- Suspensión temporal que pode ser baixa definitiva, por quedar incurso nos supostos que se determinan no primeiro parágrafo do artigo 8º deste Estatutos.

4.- Suspensión temporal polas accións ou omisións que prexudiquen ós intereses da Asociación.

5.- Baixa definitiva polas accións ou omisións que prexudiquen gravemente ós intereses da Asociación.

Os socios que voluntariamente se aparten da Asociación, así como os que causan baixa por sanción, non terán dereito a reclamar ningún tipo de participación sobre os bens, saldos ou inventario de CINE CLUB CARBALLIÑO.

Artigo 13º.- As sancións que se lle podan impoñer ós asociados, deberán contar previamente coa apertura dun expediente por parte da Xunta Directiva no que se lle dará audiencia ó socio incurso no expediente, de acordo co seguinte trámite:

1) A Xunta Directiva, tendo coñecemento das accións ou omisións do socios que estean contempladas nos supostos 3, 4 ou 5 do artigo anterior, redactará un escrito por duplicado, no que se exporán polo miúdo os feitos, as probas que consten e a proposta de sanción.

2) Darase traslado de tal escrito ó socio, quen terá cinco días para redactar e entregar á Xunta Directiva un escrito na súa defensa, no que poderá engadi-las probas que estime oportunas en apoio da súa exculpación.

3) Unha vez recibido o escrito de defensa do socio, a Xunta Directiva reunirse no prazo de cinco días e valorará os feitos da denuncia, o escrito de defensa e as probas aportadas, dictando unha resolución razoada no prazo de tres días, da que se dará traslado ó sancionado de maneira inmediata, e en todo caso antes cinco días.

4) Se o socio non estivera de acordo coa resolución adoptada pola Xunta Directiva, poderá solicitar antes de dez días, que o seu caso sexa escoitado e definitivamente resolto por unha Xunta Xeral Extraordinaria que será convocada no prazo de quince días con data de celebración de trinta días como máximo.

5) Convocada a Xunta Xeral Extraordinaria, por parte da Xunta Directiva darase coñecemento á Asemblea dos feitos, a medio da lectura da denuncia, do escrito de defensa e exposición das probas

aportadas, dictando unha resolución por votación que ratificará ou rexeitará o dictame da Xunta Directiva.

6) Se o socio non estivera de acordo coa resolución adoptada pola Xunta Xeral Extraordinaria, poderá facer vale-los seus dereitos perante os Tribunais competentes, suspendéndose preventivamente a resolución da Asemblea.

7) Se o socio deixara pasa-los prazos sen facer alegación algunha en contra do acordo da Xunta Directiva ou da Asemblea, decaerá o seu dereito e a resolución será firme, entendéndose que sempre poderá facer vale-los seus dereitos perante os Tribunais competentes.

CAPÍTULO IV

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14º.- Os órganos de goberno de CINE CLUB CARBALLIÑO son: en primeiro lugar a Asemblea Xeral e en segundo lugar a Xunta Directiva.

Artigo 15º.- CINE CLUB CARBALLIÑO ten a capacidade xurídica que lle concede a Constitución Española, a Lei Orgánica 1/2002 e as demais normas legais concordantes, sendo o Presidente da Asociación quen asume a representación legal da mesma, executando os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 16º.- A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente xunto coa Xunta Directiva e o seu labor deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral.

Artigo 17º.- A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e tres vocais, cargos elixidos entre os socios FUNDADORES ou DE NÚMERO, segundo se determina no artigo 11º b - 2, sendo requisitos indispensables a maioría de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación española vixente.

Artigo 18º.- Os cargos da a Xunta Directiva elixiranse pola Asemblea Xeral, para un período de catro anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente. Os cargos serán gratuítos non tendo pago nin mercé.

Artigo 19º.- É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior. Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral, designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas internas de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

Artigo 20º.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou no seu defecto o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición da calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña mais idade.

Artigo 21º.- Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos será necesaria a asistencia, polo menos, da metade mais un dos seus membros e deberán ser aprobados pola maioría simple dos asistentes. No caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente ou da persoa que exerza as súas funcións.

Artigo 22º.- O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará acta das sesións, que se transcribirá no libro de actas.

Artigo 23º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de demandar das mesmas as informacións necesarias.

Artigo 24º.- A Asemblea Xeral, como órgano supremo de expresión da vontade de CINE CLUB CARBALLIÑO, estará formada por tódolos socios integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 25º.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 25% dos socios FUNDADORES ou DE NÚMERO. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 26º.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con quince días de antelación como mínimo polo presidente da Xunta Directiva. Debendo facerse a convocatoria de xeito persoal, por calquera medio de comunicación fidedigna ou por publicacións nun periódico de carácter provincial, sinalando claramente día e hora, así como o os asuntos a tratar. A Asemblea Xeral constituirase legalmente, cando acudan presentes ou representados, un tercio dos asociados. E media hora máis tarde cos socios presentes ou representados.

Artigo 27º.- Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen os negativos. Nembargante, requirirá maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, para os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos Estatutos ou o alleamento de bens, conforme se determina no artigo 12 da Lei Orgánica 1/2002.

Artigo 28º.- Serán competencias da **Asemblea Xeral Ordinaria:**

- 1.- Aprobar o rexeita-la acta da reunión anterior.
- 2.- Aprobar ou rexeita-lo plan de actividades.
- 3.- Examinar e aprobar ou rexeita-la memoria de actividades.
- 4.- Examinar e aprobar ou rexeita-las contas e balances do exercicio anterior.
- 5.- Aprobar ou rexeita-los orzamentos para o exercicio vindeiro.

Artigo 29º.- Serán competencias da **Asemblea Xeral Extraordinaria:**

- 1.-Modifica-los Estatutos da Asociación.
- 2.- Elixir ou proclama-los integrantes da Xunta Directiva.
- 3.- Aproba-la adhesión ou federación con outras Asociacións.
- 4.- Acorda-la disolución da Asociación e designa-los liquidadores.
- 5.- Toma-las decisións referidas no artigo 13º sobre as sancións dos asociados.

6.- Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.

7.- Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.

8.- As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.

9.- Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 30º.- Os acordos da Asemblea Xeral serán vinculantes para tódolos asociados, incluso para os non asistentes. Levaranse os acordos ó libro de Actas no momento; Acta que asinará o Presidente e o Secretario da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría. En todo caso, os acordos e actuacións que algún socio considerase contrarios ós Estatutos, poderán ser impugnados por este no prazo de corenta días, a partir da data de adopción dos mesmos, instando a súa rectificación ou anulación e a suspensión preventiva no seu caso, ou acumulando ambas pretensións polos trámites que se establece na Lei de Axuizamento Civil, segundo determina o artigo 40 da Lei Orgánica 1/2002.

Artigo 31º.- A sesión da Asemblea abrirase polo Presidente. Seguidamente procederase por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada. Posteriormente o Secretario procederá a dar lectura ós demais puntos da orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate. Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a Presidencia o considera oportuno, ou figurase na orde do día, a abrir un apartado de rogos e preguntas por rigorosa quenda de solicitude a man alzada. Concluído este apartado levantarase a sesión por orde do Presidente.

Artigo 32º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos polos socios perante a Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 33º.- O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 16º, as seguintes atribucións:

a) Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.

b) Propoñe-lo plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

c) Ordena-los pagamentos acordados.

d) Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado, incluso en xuízo podendo outorgar poder xudicial a favor de Procuradores.

e) Firma-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva quen lle corresponda.

Artigo 34º.- O Presidente será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, que, ademais, substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 35º.- O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias, custodia-las actas, expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente e leva-lo inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 36º.- O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económico, tendo a obriga de proceder ópeche do exercicio económico antes do quince de Decembro, coa fin de que as contas estean á disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores a celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 37º.- Os Vocais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1.- Realizar programas e propostas na súa área de actuación.

2.- Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO V

DA ELECCIÓN DE CARGOS

Artigo 38.- As candidaturas para os cargos presentaranse por escrito e duplicado na secretaría con dez días de antelación á celebración da Xunta Xeral Extraordinaria, co abeiro dun 10% dos socios con voz e voto, expresando con claridade o nome e D.N.I. tanto dos candidatos como de quen os avalan.

Artigo 39.- Os candidatos deben estar no pleno uso dos seus dereitos como socios, segundo se prescribe no articulado destes Estatutos, ó día nas súas obrigas económicas para coa asociación e non estar suspendido temporalmente.

Artigo 40.- As candidaturas daranse a coñecer ós socios de maneira inmediata do mesmo xeito que se fai para a convocatoria das Asembleas no artigo 26º destes Estatutos.

Artigo 41.- Para a votación das candidaturas formarase unha Mesa de Votación presidida polo Presidente e o Secretario en funcións e un representante por candidatura admitida. Seguidamente realizarase unha votación secreta por medio de papeletas, nas que bastará con facer figura-lo nome da persoa proposta para Presidente, papeletas que os socios, chamados de maneira individual polo Secretario, irán entregando na Mesa de Votación. Recollidas tódalas papeletas procederase ó escrutinio por parte do Secretario, el voz alta e pasando as papeletas para o seu control á tódolos membros da Mesa de Votación. Unha vez controladas tódalas papeletas, darase conta do resultado ó resto da Asemblea, proclamándose a candidatura máis votada.

Artigo 42.- Se soamente se presentara unha candidatura regulamentaria ós cargos vacantes, será proclamada sen máis trámites.

Artigo 43.- A Xunta Directiva electa non se fará cargo da súa labor ata pasados dez días da súa proclamación. Durante ese tempo a Xunta Directiva saínte instruirá polo miúdo á Xunta Directiva electa do estado da asociación e dará coñecemento a terceiros e ós organismos que cumprira do cambio efectuado nos órganos de goberno. Pasado ese tempo, a nova Xunta Directiva farase cargo das competencias que lle corresponden e do goberno e administración da asociación.

CAPÍTULO VI

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 44º.- A iniciación e peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 45º.- A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro da asociación, que deberá telo preparado antes do primeiro de Xaneiro de cada ano, a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 46º.- A asociación manterase dos seguintes recursos:

- 1.- Coas doazóns ou subvencións que poidan conceder organismos públicos, entidades privadas ou particulares.
- 2.- Cos ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- 3.- Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.
- 4.- Das entregas dos asociados, segundo se disporá no Regulamento Interno.

Artigo 47º.- Os beneficios que CINE CLUB CARBALLIÑO poda obter derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, serán destinadas, exclusivamente, ó cumprimento das súas fins, sen que se puída facer en ningún caso reparto entre os asociados nin os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Artigo 48º.- Anualmente con referencia o último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos socios, durante un prazo non inferior a quince días do sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 49º.- Para a disposición dos saldos das entidades bancarias onde a asociación teña depositados fondos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente, o Presidente, Vicepresidente, o

Secretario e o Tesoureiro, para a utilización conxunta de dúas sinaturas indistintas de entre as catro existentes.

CAPÍTULO VII

DO REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO

Artigo 50°.- O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá e complementará aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos.

CAPÍTULO VII

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 51°.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou 25% dos socios. A convocatoria a tal fin da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de sete días para que calquera socio poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. As devanditas propostas e emendas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á celebración da mesma.

Artigo 52°.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable de acordo co determinado no artigo 27° tendo en conta en todo momento que debe cumprirse en todo o que dispón o artigo 16 da Lei Orgánica 1/2002.

Artigo 53°.- A asociación disolverase polas seguintes causas:

- 1.- Pola vontade dos socios sendo necesario o voto favorable de acordo co determinado no artigo 27°.
- 2.- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- 3.- Por sentenza xudicial.

Artigo 54°.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres socios liquidadores, que xunto co Presidente e o Tesoureiro, procederán a efectúa-la liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 55°.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación. O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

Artigo 56°.- En todo caso estarase ó disposto no artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002.

Artigo 57°.- CINE CLUB CARBALLIÑO rexerese polos presentes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo de 2002 e polo resto da lexislación concordante. Calquera disposición destes Estatutos ou do seu Regulamento de Réxime Interno que estea en contraposición coa devandita lexislación terase por nula radicalmente e no seu defecto acudirase ó disposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo de 2002.

Carballiño, a doce de Novembro de 2010.